

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE CULTURA

**503** *Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.*

A Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema ten como obxectivo primordial articular a relación entre os diferentes axentes que operan no sector, abranguendo toda a cadea de valor dunha obra audiovisual, desde o nacemento dunha idea que hai que desenvolver até que a obra deixa de ter unha actividade no mercado, e introducindo o concepto de integración da cinematografía no conxunto do sector audiovisual, considerando este como un todo, coas súas especificidades para o beneficio do cinema e a televisión.

O presente real decreto desenvolve esa lei, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas nos aspectos relativos á cualificación das obras, á súa nacionalidade, ao Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, normas para as salas de exhibición, regulación das coproducións con empresas estranxeiras, medidas de fomento e órganos colexiados con competencias consultivas nesas materias. O seu ámbito de aplicación esténdese ás actividades cinematográficas e audiovisuais realizadas en España, fomentando a visión pluricultural do noso país e prevendo a subscrición de acordos de colaboración entre os órganos das diferentes administracións co fin de articular criterios comúns de actuación e, así mesmo, evitar a posible duplicidade de cargas administrativas.

No seu articulado regula a cualificación das obras por grupos de idade para coñecemento do público, como obriga previa á súa saída ao mercado, cun procedemento en que se simplificaron os trámites para a súa obtención. Así mesmo, inclúese o establecemento, mediante resolución do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, dos criterios que sirvan de base á Comisión de Cualificación no seu labor, o que contribúe a dotar dunha maior transparencia o procedemento. Por último, e atendendo, entre outros factores, ás novas formas de explotación, elimínanse os certificados de cualificación de películas, para cuxa expedición era necesario o pagamento da taxa correspondente, ao tempo que se introduce, como novidade destacable, a regulación dun certificado único de distribución expedido polo ICAA ou polo órgano correspondente das comunidades autónomas, por solicitude das empresas distribuidoras que vaian comercializar as obras no ámbito cinematográfico por calquera medio ou soporte.

Respecto á nacionalidade das películas, establécese o procedemento para a obtención do certificado de nacionalidade española, sempre que reúnan os requisitos exixidos pola lei.

Con obxecto de coñecer as empresas que actúan no mercado audiovisual español, desenvolve o Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, ben como os requisitos de inscrición.

Dado que as salas de exhibición cinematográfica constitúen o enclave decisivo para a comercialización das películas, determinante do maior ou menor éxito que obteñan nas subseguintes fases do seu percorrido, regula a actividade desas salas, establecendo os mecanismos de control sobre a asistencia de espectadores e os rendementos económicos obtidos polas películas nelas exhibidas, co fin de facilitar ao sector cinematográfico información básica para as súas relacións comerciais e aos creadores a percepción dos seus dereitos de autor. Así mesmo, faise unha referencia ás proxeccións cinematográficas de carácter gratuito ou con prezo simbólico efectuadas polas administracións públicas, que deberán contar, en todo caso, coas necesarias autorizacións previas dos titulares dos correspondentes dereitos de comunicación pública para levárense a cabo.

As medidas de fomento establecidas na Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, ben como o seu desenvolvemento regulamentario, constitúen un corpus normativo circunscrito á regulación do sistema de axudas tanto de xestión centralizada como

daqueloutras previstas na citada lei e cuxa xestión corresponde ás comunidades autónomas. Este é o caso das reguladas nesa lei, no artigo 29 para as salas de exhibición cinematográfica, e no artigo 36 para o fomento da cinematografía e o audiovisual en linguas cooficiais distintas do castelán, todo isto sen prexuízo daquelas medidas de fomento que as comunidades autónomas poidan establecer de acordo coa súa normativa propia.

A xestión centralizada das axudas neste ámbito xustifícase polo especial carácter das medidas que se establecen. Neste senso, e de acordo coa xurisprudencia consolidada do Tribunal Constitucional en materia de subvencións, corresponde ao Estado a xestión nos casos en que resulte imprescindible para asegurar a súa plena efectividade dentro da ordenación básica do sector. Tendo en conta as características do sector, ben como a desigual implantación no territorio dos axentes protagonistas das distintas vertentes da industria cinematográfica, resulta necesaria a súa xestión centralizada para garantir iguais posibilidades de obtención e desfrute por parte dos seus potenciais destinatarios en todo o territorio nacional.

Neste real decreto determínanse as normas xerais para o acceso ás axudas, tanto no que se refire aos requisitos básicos como ás obrigas que xera a condición de beneficiario, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. A regulación concreta das axudas efectuarase co establecemento das súas bases reguladoras mediante orde ministerial para permitir que se poidan adaptar máis facilmente á evolución das necesidades dos sectores a que van dirixidas.

Relacionado con estas medidas, e de acordo co compromiso que establece o artigo 21 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, relativo aos incentivos fiscais, desenvólvese o réxime de axudas que poida corresponder ás agrupacións de interese económico dedicadas ás actividades de produción, distribución, exhibición cinematográfica ou industrias técnicas conexas, establecendo de maneira expresa, no ámbito da produción, a posibilidade de que esas agrupacións se incorporen como coprodutoras á realización dunha película xa iniciada, sempre que se produza con anterioridade á finalización dos procesos de produción da película. Con isto, tamén resultará de aplicación ás agrupacións de interese económico o réxime xeral de coprodución entre empresas produtoras tanto no que se refire ao recoñecemento do custo da película como á posibilidade de acceder ás axudas para a amortización de longametraxes.

Considerando que a coprodución é un medio frutífero para potenciar o desenvolvemento do tecido industrial do sector e para as películas poderen traspasar as fronteiras nacionais chegando a outros mercados e conseguir así unha facilidade maior para financiar e amortizar os custos de produción, esta norma establece os requisitos para aprobar as coproducións internacionais, flexibilizando estes, os trámites e procedementos que se deben efectuar e as condicións para que estas obteñan a nacionalidade española, ben como as axudas económicas a que poden optar as empresas produtoras que realizan este tipo de películas.

Este real decreto regula tamén os órganos colexiados con funcións consultivas que, dependendo do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, proceden á cualificación das películas por grupos de idades e á valoración das axudas á produción establecidas pola lei, sen prexuízo dos órganos colexiados de valoración específicos que, para o resto das axudas, se establezan nas correspondentes bases reguladoras.

Co fin de contribuír á prevención das actividades vulneradoras dos dereitos de propiedade intelectual, e dentro do marco das medidas de fomento establecidas na Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, a disposición adicional primeira establece a subscripción de convenios con bancos e entidades de crédito co obxecto específico de facilitar ás empresas o financiamento do desenvolvemento das infraestruturas necesarias para a creación de portais web de descargas e/ou visionamentos legais de contidos cinematográficos e doutras obras audiovisuais. Por outra parte, inclúese, como información que obrigatoriamente se debe dar a coñecer aos espectadores con anterioridade á súa entrada nas salas de exhibición, a prohibición de introducir cámaras ou calquera tipo de instrumento destinado a gravar imaxe ou son.

Por último, na disposición transitoria segunda mantense temporalmente a regulación sobre certificados de cualificación que efectúa a Orde do 7 de xullo de 1997, en canto non se modificar a normativa reguladora das taxas por cualificación e expedición de certificados.

Na elaboración desta norma foron consultadas as entidades representativas dos sectores afectados e as comunidades autónomas.

Este real decreto dítase ao abeiro da disposición derradeira cuarta da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, que habilita o Goberno para ditar as normas regulamentarias que requiran o seu desenvolvemento e aplicación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Cultura, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de decembro de 2008,

## DISPOÑO:

### CAPÍTULO I

#### **Disposicións xerais**

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, nos aspectos relativos á cualificación das obras, a súa nacionalidade, o Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, normas para as salas de exhibición, regulación das coproducións con empresas estranxeiras, medidas de fomento e órganos colexiados con competencias consultivas nesas materias.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto é de aplicación ás actividades de creación, produción, distribución e exhibición cinematográfica e audiovisual que sexan desenvolvidas por persoas físicas residentes en España e por persoas xurídicas españolas e nacionais doutros Estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo establecidas en España de conformidade co ordenamento xurídico.

##### Artigo 3. *Órganos competentes.*

Corresponde ao Ministerio de Cultura, por medio do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA), o exercicio das funcións estatais que se regulan neste real decreto, sen prexuízo das competencias doutros departamentos ministeriais.

##### Artigo 4. *Colaboración coas comunidades autónomas.*

O Ministerio de Cultura e os órganos competentes das comunidades autónomas poderán colaborar establecendo os acordos que sexan necesarios para articular criterios comúns de actuación e, así mesmo, evitar a posible duplicidade de cargas administrativas.

## CAPÍTULO II

### Cualificación das obras cinematográficas e audiovisuais

#### Artigo 5. *Cualificación.*

1. As obras cinematográficas e audiovisuais serán cualificadas polo ICAA ou, se for o caso, polo órgano competente das comunidades autónomas, por grupos de idade, segundo a seguinte clasificación:

- a) Especialmente recomendada para a infancia.
- b) Para todos os públicos.
- c) Non recomendada para menores de sete anos.
- d) Non recomendada para menores de trece anos.
- e) Non recomendada para menores de dezoito anos.
- f) Película X.

As obras audiovisuais que sexan obxecto de autorregulación de acordo coa súa normativa específica rexeranse por ela, coa excepción das que pretendan acceder ás axudas recollidas no capítulo VI, dedicado ás medidas de fomento, que se rexerán polo disposto neste capítulo para efectos da súa cualificación.

2. As cualificacións outorgadas polo ICAA ou polos órganos correspondentes das comunidades autónomas competentes na materia terán validez en todo o territorio español.

3. A publicidade de toda película ou obra audiovisual deberá incluír obrigatoriamente a súa cualificación de forma que resulte claramente perceptible para o público.

#### Artigo 6. *Procedemento de cualificación polo ICAA.*

1. A cualificación será solicitada pola empresa produtora ou distribuidora da película cinematográfica ou outra obra audiovisual, mediante solicitude dirixida ao ICAA, á cal se deberá xuntar:

a) Cando a solicitude a efectúe a empresa distribuidora, contrato de distribución da película ou outra obra audiovisual, ou declaración realizada en documento público na cal resulte suficientemente demostrada a súa condición de empresa distribuidora da película. Se a lingua orixinal destes documentos non é o castelán ou algunha das demais linguas cooficiais nas comunidades autónomas, presentaranse, ademais, traducidos para o castelán.

b) Cópia íntegra da obra, en calquera soporte, con idéntico contido ao da que vaia ser exhibida en salas ou comercializada noutro ámbito.

c) Memoria en que se indique o título orixinal e de comercialización, empresa distribuidora, e/ou produtora no caso de películas españolas, ano de produción, director e sinopse argumental da obra, ben como a súa duración e/ou metraje, segundo o soporte de que se trate.

d) Se a lingua orixinal non é o castelán ou algunha das demais linguas cooficiais nas comunidades autónomas, texto completo dos diálogos traducido para o castelán.

e) Cando se trate de obras non españolas, certificado de nacionalidade da obra expedido polo organismo oficial competente do país de produción ou, na súa falta, documento acreditativo daquela legalizado no país de produción que conteña, polo menos, os datos especificados na alínea c) que poidan ser coñecidos no país de orixe.

f) Comprobante do pagamento da taxa correspondente.

2. O ICAA establecerá, mediante resolución, os criterios que sirvan de base á cualificación das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais. Os vogais integrantes da Comisión de Cualificación motivarán, de acordo con eses criterios, os informes que emitan.

3. A Dirección Xeral do ICAA ditará, logo do informe da Comisión de Cualificación, resolución en que se indicará o grupo de idade outorgado, asignándolle para a súa identificación un número de expediente único para cada ámbito, o cinematográfico ou o non cinematográfico, en que se vaia comercializar.

4. A cualificación deberase notificar ao solicitante no prazo máximo dun mes contado desde a presentación da solicitude. Transcorrido o mencionado prazo, entenderase outorgada a cualificación solicitada polo interesado.

5. Cando a cualificación sexa realizada polo órgano competente dunha comunidade autónoma, establecerase de común acordo co ICAA un número de expediente único para identificar a mencionada cualificación.

6. O contido da resolución de cualificación deberá ser comunicado polas empresas distribuidoras aos titulares das salas de exhibición, para efectos da súa información ao público.

7. No caso de películas cinematográficas ou outras obras audiovisuais cuxa cualificación quedase obsoleta polo paso do tempo, poderase solicitar a súa revisión. Estarán facultados para efectuar a solicitude, ademais da empresa produtora ou a distribuidora, os operadores de televisión que acrediten estar autorizados para a súa emisión.

#### Artigo 7. *Comercialización de películas cinematográficas e outras obras audiovisuais.*

1. Para efectos do previsto no artigo 18 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, relativo á cota de pantalla, o ICAA expedirá ás empresas distribuidoras das películas que se vaian comercializar en salas de exhibición cinematográfica, despois de solicitálas, un certificado de distribución que deberán facilitar aos titulares das salas de exhibición, no cal se reflectirá a cualificación, a nacionalidade e as características de distribución das películas que se especifican no parágrafo seguinte.

Para a obtención deste certificado, as empresas distribuidoras presentarán ao ICAA, coa súa solicitude, a información sobre as características de distribución da película, que serán o idioma da versión orixinal e das diferentes versións en que se vaia comercializar, indicando o número de copias ou soportes de cada versión. No caso de proxección dixital vía satélite, notificarase o número de receptores de sinal a que se transmitirá a película cinematográfica.

Á vista da documentación presentada, o ICAA expedirá o correspondente certificado de distribución, que se deberá notificar ao solicitante no prazo máximo dun mes desde a presentación da súa solicitude, transcorrido o cal se entenderá estimada. Cando a empresa distribuidora decida ampliar o número de copias ou soportes que se van comercializar, expedirase un novo certificado en función dos datos comunicados. O certificado de distribución poderase obter de maneira telemática a través da páxina web do Instituto.

2. Este certificado poderá ser solicitado pola empresa distribuidora no momento en que solicite a cualificación. Para isto, xunto coa solicitude de cualificación, a empresa distribuidora presentará a información sobre idioma e número de copias a que se refire o número 1.

3. A comercialización das obras audiovisuais nun ámbito distinto ao das salas de exhibición cinematográfica deberá ser realizado pola empresa produtora ou distribuidora que acredítase os seus dereitos sobre a obra e obtívese a resolución de cualificación desta, identificando de maneira ben visible e adecuada ao medio ou sistema de que se trate o número do expediente de cualificación e a autoridade que o expedise, o título da obra, a cualificación por grupos de idades, a duración e a empresa distribuidora a quen se outorgou a cualificación. No caso de obras cualificadas «X», deberase engadir «Destinada exclusivamente aos maiores de 18 anos».

4. Os órganos correspondentes das comunidades autónomas con competencia na materia poderán expedir igualmente o certificado de distribución ás empresas distribuidoras das películas que se vaian comercializar no ámbito cinematográfico, logo de solicitude destas.

## CAPÍTULO III

### Nacionalidade española das obras cinematográficas e audiovisuais

#### Artigo 8. *Certificado de nacionalidade española.*

1. Terán a nacionalidade española as obras cinematográficas e audiovisuais realizadas por unha empresa de produción española, ou doutro Estado membro da Unión Europea establecida en España, ás cales lles fose expedido certificado de nacionalidade española polo ICAA ou polo órgano correspondente das comunidades autónomas con competencia na materia, logo de comprobación documental de que as obras cumpren os requisitos establecidos no artigo 5.1 da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

2. Así mesmo, terán a nacionalidade española as obras realizadas en réxime de coprodución con empresas estranxeiras ás cales se refire o artigo 5.2 desa lei e que se regulan no capítulo VII deste real decreto, expedíndose o certificado de nacionalidade logo de acreditación dos requisitos establecidos nel.

3. No ámbito das competencias do ICAA, o certificado de nacionalidade expedirase por solicitude da empresa produtora ou distribuidora, xa sexa no momento en que se solicita a cualificación ou de maneira independente. Para tales efectos, o solicitante deberá presentar a ficha técnico-artística da película, na cal conste o persoal creativo, técnico e de servizos; os lugares de rodaxe; os laboratorios e estudos que interviñeron na súa realización, e a versión orixinal de realización. Estes datos serán verificados polo ICAA, para o cal poderá solicitar, se for o caso, unha copia da película ou outra obra audiovisual.

O certificado será emitido e notificado no prazo máximo dun mes, contado desde a presentación da solicitude, transcorrido o cal se entenderá outorgada a nacionalidade.

## CAPÍTULO IV

### Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais

#### Artigo 9. *Obxecto do rexistro.*

1. O Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais do ICAA ten por obxecto a inscrición das persoas físicas ou xurídicas titulares das empresas establecidas en España que realicen actividades cinematográficas ou audiovisuais de produción, de distribución e de exhibición, así como laboratorios, estudos de rodaxe, industria técnica para a produción e posprodución, empresas de material audiovisual e demais conexas.

2. A inscrición dos titulares das salas de exhibición, como única excepción ao disposto no número anterior, deberá realizarse en calquera caso, tanto se revisten algunha das formas xurídicas de empresa como se se trata de administracións públicas, asociacións ou outras entidades sen ánimo de lucro.

3. A inscrición dunha empresa no rexistro das comunidades autónomas que o teñan establecido implicará a inscrición no Rexistro do ICAA, sen necesidade de que a empresa tramite unha segunda solicitude. Con esta finalidade, mediante o procedemento que se establece de común acordo, a Administración autonómica comunicará ao Rexistro do ICAA as inscricións realizadas no rexistro correspondente.

#### Artigo 10. *Deber de inscrición.*

1. Para poder obter a cualificación e certificados, así como para acceder ás axudas reguladas neste real decreto, será necesaria a inscrición previa no rexistro, coa excepción establecida no artigo 22.1a) para determinadas axudas.

2. Calquera acto ou feito que modifique algún dos datos que consten no rexistro, ou o cesamento na actividade que xustificou a inscrición, deberá ser comunicado ao ICAA, xuntando se for o caso os documentos acreditativos da modificación.

3. Será causa de cancelación da inscrición a inactividade da empresa durante cinco anos. A cancelación tramitarase de oficio, con audiencia do interesado, ou por instancia de parte. No asento correspondente expresarase a causa determinante da cancelación.

#### Artigo 11. *Procedemento de inscrición.*

1. A inscrición realizarase por solicitude da empresa correspondente ou do titular da sala de exhibición interesado, mediante solicitude acompañada, en todos os casos, da seguinte documentación:

- a) Copia do documento acreditativo do número de identificación fiscal da empresa ou do titular da sala.
- b) Comprobante da alta no imposto sobre actividades económicas ou no censo correspondente.
- c) Se se utiliza nome comercial, marca ou rótulo, acreditación da súa inscrición conforme a normativa reguladora da propiedade industrial.

Ademais, cando se trate de persoas xurídicas:

1.º Copia simple da escritura de constitución, co selo de inscrición no rexistro público correspondente ou, se for o caso, certificación literal da totalidade dos asentos expedida polo titular do rexistro público en que se encontra inscrita.

2.º Certificado acreditativo dos nomes e apelidos, nacionalidade e domicilio das persoas a quen se encomenda a xestión e administración, ou escrituras de apoderamento e, no caso de cooperativas, a composición do seu consello reitor.

2. O ICAA, no prazo máximo de quince días desde a presentación da solicitude, notificará ao interesado a inscrición realizada ou, se for o caso, a desestimación da solicitude, que deberá ser motivada. De non notificarse resolución no prazo indicado, a solicitude deberase entender estimada.

3. No suposto de empresas non españolas nacionais de Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo que pretendan acceder ás axudas, practicarase unha inscrición provisoria con base na documentación acreditativa da personalidade xurídica, capacidade de obrar e representación con que actúe, que se deberá presentar coa solicitude da axuda. A inscrición definitiva practicarase unha vez efectuada a correspondente proposta de resolución da axuda en que tal empresa resultou beneficiaria.

## CAPÍTULO V

### Normas para as salas de exhibición cinematográfica

#### Artigo 12. *Ámbito de aplicación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 16 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, o disposto neste capítulo será de aplicación aos titulares das salas de exhibición cinematográfica, segundo a definición que destas establece o artigo 4.1) desa lei como todo local ou recinto de exhibición cinematográfica aberto ao público mediante prezo ou contraprestación fixado polo dereito de asistencia á proxección de películas determinadas, ben sexa ese local permanente ou de temporada, e calquera que sexa a súa localización e titularidade.

2. As salas establecidas nunha comunidade autónoma que, en razón da súa competencia, ditase normas en materia de control de asistencia e rendementos das obras cinematográficas, rexeranse pola súa normativa propia.

3. O ICAA e a Administración autonómica competente establecerán os oportunos mecanismos de colaboración nesta materia.

*Artigo 13. Control de asistencia e rendemento das obras cinematográficas.*

1. Os titulares das salas de exhibición deberán emitir e entregar aos espectadores, previamente á súa entrada nelas, os correspondentes billetes regulamentarios. En todos os supostos en que o espectador disfrute dun título que o habilite para non aboar o importe íntegro da súa localidade, o título deberase trocar por un billete regulamentario, ao cal se lle debe asignar un contravalor.

2. Os titulares das salas de exhibición cinematográfica deberán realizar e facer chegar ao ICAA informes de exhibición en que deberá figurar a declaración da totalidade das películas cinematográficas proxectadas, tanto longametraxes como curtametraxes, que serán identificadas polo título e número do expediente de cualificación, o idioma da versión orixinal e o de comercialización en dobraxe e subtítulado, se o houber, e a empresa distribuidora. Así mesmo, deberase declarar o número de billetes vendidos e a recadación obtida en cada sesión. Para a verificación destas declaracións, o ICAA poderá solicitar a información documental necesaria.

3. A expedición dos billetes regulamentarios e a emisión dos informes de exhibición efectuarase mediante programas informáticos que, reunindo os requisitos e funcionalidades técnicas establecidos polo Ministerio de Cultura, fosen previamente homologados por este, de modo que se garanta a seguranza, integridade e compatibilidade técnica dos datos, así como os necesarios protocolos de comunicación, para que os titulares das salas de exhibición cinematográfica cumpran adecuadamente as obrigas relativas ao control de asistencia e declaración de rendementos.

4. Os requisitos e funcionalidades técnicas que deben reunir os programas informáticos sinalados no número anterior para a súa homologación por parte do ICAA son os que se determinen mediante orde ministerial do Ministerio de Cultura.

*Artigo 14. Procedemento de homologación dos programas informáticos para a expedición de billetes e emisión de informes de exhibición.*

1. As empresas subministradoras de programas informáticos deberán dirixir a súa solicitude de homologación ao ICAA, facendo constar a denominación social, o número de identificación fiscal, o domicilio, os datos identificativos do representante e xuntando a documentación precisa para acreditar que o seu proxecto cumpre os requisitos e funcionalidades previstos na orde ministerial a que se refire o número 4 do artigo anterior.

2. Establecerase un período de proba, non superior a sete días, durante o cal se levará a cabo a verificación do software presentado polo solicitante. Transcorrido ese período e unha vez constatado o funcionamento correcto do sistema, procederase á súa homologación mediante resolución da Dirección Xeral do ICAA que se notificará no prazo máximo dun mes, transcorrido o cal se entenderá estimada.

3. Os cambios relevantes nos programas homologados que afecten a programación, o control, o envío ou o xestor de base de datos deberán ser comunicados ao ICAA pola empresa responsable antes da súa aplicación, para efectos da revisión e verificación dos programas. Poderanse revogar as homologacións realizadas cando deixen de cumprirse os requisitos establecidos.

4. As empresas subministradoras cuxos programas fosen homologados estarán obrigadas a comunicar ao ICAA as salas de exhibición en que estes se vaian utilizar coa anticipación suficiente para poder realizar probas antes da súa entrada en funcionamento. Igualmente, comunicarán a substitución ou baixa daqueles.

*Artigo 15. Billetes regulamentarios.*

1. Todos os billetes conterán, como mínimo, os seguintes datos:



- a) Denominación da empresa ou do titular da sala de exhibición e número de identificación fiscal.
- b) Nome da sala, enderezo e concello.
- c) Clase de localidade a que dá dereito.
- d) IVE, en porcentaxe, ou imposto específico dunha comunidade autónoma.
- e) Identificador alfanumérico que impida duplicidades dentro dunha sesión.
- f) Título da película.
- g) Data, hora e prezo da sesión para a cal o billete é válido.

2. Cada billete débese compor de dúas partes, unha destinada ao espectador e a outra reservada para control da sala, cuxa cantidade debe corresponder coa dos espectadores que entrasen nela. A parte reservada a control deberase conservar durante un mes no propio local de exhibición, de forma separada para cada día de exhibición, á disposición do ICAA.

#### Artigo 16. *Información para o espectador nas salas de exhibición.*

En lugar claramente visible das billeteiras das salas de exhibición deberá figurar a seguinte información para o espectador:

1. A cualificación das películas por grupos de idade, a título orientativo, incluíndo as curtometraxes e avances que formen parte do programa. Esta cualificación deberá ser comunicada ás salas de exhibición polas empresas distribuidoras das películas programadas.
2. O prezo das localidades.
3. A prohibición de introducir cámaras ou calquera tipo de instrumento destinado a gravar imaxe ou son, establecida no artigo 15.3 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

#### Artigo 17. *Proxeccións cinematográficas efectuadas polas administracións públicas.*

1. As proxeccións a que se refire o artigo 15.4 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, deberán contar, en todo caso, coas necesarias autorizacións previas dos titulares dos correspondentes dereitos de comunicación pública sobre as obras e gravacións audiovisuais proxectadas, sen as cales non se poderán levar a cabo.

2. Nas ditas proxeccións será exixible, así mesmo, a publicidade da cualificación das películas segundo o disposto no número 1 do artigo anterior.

3. Antes de que unha Administración pública programe a proxección, gratuíta ou con prezo simbólico, de películas cuxa antigüidade sexa inferior aos 12 meses desde a súa estrea en salas de exhibición, deberase dirixir ás entidades representativas dos exhibidores cinematográficos e do sector videográfico co obxecto de que estas lles comuniquen se se ocasiona ou non prexuízo nas actividades dos seus representados.

Estas entidades representativas emitirán unha comunicación motivada, para o que deberán ter en conta, na valoración que efectúen sobre a existencia ou non de prexuízo comercial, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Número de salas de exhibición establecidas no ámbito territorial da Administración pública solicitante.
- b) Coincidencia temporal entre a programación proposta e a establecida polas salas comerciais.
- c) Número de establecementos de venda e/ou aluguer videográfico existentes no ámbito territorial da Administración pública solicitante.

Presúmese que non ocasionan prexuízo á actividade comercial dos exhibidores cinematográficos e do sector videográfico as programacións deste tipo que efectúen os municipios en que non existan salas de cinema comercial nin establecementos de venda e/ou aluguer videográfico e, ademais, as salas e establecementos máis próximos estean situados a máis de 25 quilómetros de distancia desas localidades.

Artigo 18. *Festivais e filmotecas.*

As actividades de exhibición cinematográfica organizadas por festivais e por filmotecas oficialmente recoñecidas por algunha Administración pública rexeranse polas súas normas específicas.

## CAPÍTULO VI

### Medidas de fomento

#### *Sección 1.ª Disposicións xerais*

Artigo 19. *Modalidades de axudas e marco normativo.*

1. De acordo co establecido no artigo 20.2 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, o réxime de axudas estatais previsto no seu capítulo III rexerase, ademais de polo disposto neste real decreto e nas bases reguladoras das axudas, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e pola normativa comunitaria aplicable na materia.

2. As axudas á exhibición que recolle o artigo 29 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, estableceranse en colaboración coas comunidades autónomas para atender as seguintes liñas:

- a) axudas á programación, e continuidade dentro dela, de longametraxes e curtametraxes comunitarias e iberoamericanas;
- b) axudas que propicien a modernización tecnolóxica das salas de exhibición, con especial atención á incorporación de sistemas de proxección dixital;
- c) axudas para o acceso a copias de películas comunitarias e iberoamericanas de salas radicadas en pequenos núcleos urbanos ou rurais;
- d) axudas para adaptación das salas ás condicións de accesibilidade para persoas con discapacidade.

Esta colaboración, baseada no principio de corresponsabilidade, instrumentarase mediante os oportunos convenios coas comunidades autónomas, onde se fixarán os fondos que se transferirán para a consecución dos obxectivos citados no número anterior. A convocatoria, a tramitación e o outorgamento destas axudas corresponderá ás comunidades autónomas.

3. Os créditos específicos para o fomento da produción, distribución, exhibición e promoción da cinematografía e o audiovisual en linguas cooficiais distintas do castelán que, segundo o artigo 36 da citada lei, se deberán establecer sen prexuízo do réxime de axudas estatais cuxas bases reguladoras se establecen neste real decreto, serán transferidos integramente ás comunidades autónomas correspondentes mediante os convenios de colaboración a que se refire a disposición adicional sexta desa lei, de acordo cos criterios e límites establecidos nela. A convocatoria, a tramitación e o outorgamento destas axudas corresponderá ás comunidades autónomas.

4. As axudas para a realización de actividades de I+D+i no ámbito da produción, distribución, exhibición cinematográfica e industrias técnicas conexas, que establece o artigo 35 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, rexeranse polo establecido no Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

## *Sección 2.<sup>a</sup> Réxime xurídico das axudas estatais*

### *Artigo 20. Modalidades de axudas.*

1. As axudas estatais relacionadas cos artigos que se citan da Lei 58/2007, do 28 de decembro, do cinema, son as seguintes:

a) Á creación e ao desenvolvemento, que inclúe as seguintes liñas, de acordo cos artigos 22 e 23, respectivamente: axudas para a elaboración de guións de longametraxes, axudas para o desenvolvemento de proxectos de películas cinematográficas de longametraxe e axudas para proxectos culturais e de formación non regrada.

b) Á produción, que comprende as seguintes liñas de axuda, de acordo cos artigos 25, 26 e 27: axudas para a produción de longametraxes sobre proxecto; axudas para a produción de películas para televisión e series de animación sobre proxecto; axudas para a amortización de longametraxes (xeral e complementaria) e axudas á produción de curtametraxes (sobre proxecto e xa realizadas).

c) Á distribución de películas comunitarias e iberoamericanas en salas de exhibición e noutros medios distintos ao cinematográfico, segundo o artigo 28.

d) Á conservación do patrimonio cinematográfico, recollidas no artigo 30.

e) Á promoción, que inclúe as seguintes modalidades de acordo cos artigos 31 e 32, respectivamente: axudas para a participación de películas españolas en festivais e axudas para a organización de festivais e certames cinematográficos en España.

f) Axudas para a realización de obras audiovisuais, con emprego de novas tecnoloxías, destinadas á súa difusión en medios distintos das salas de exhibición, televisión ou vídeo doméstico, do artigo 34.

2. De acordo co artigo 33 da citada lei, poderanse subscribir convenios de colaboración con bancos e entidades de crédito para facilitar e ampliar o financiamento das actividades dos produtores, distribuidores, exhibidores e das industrias técnicas e do sector videográfico, así como para o desenvolvemento da infraestrutura ou innovación tecnolóxica dos citados sectores.

### *Artigo 21. Procedemento de concesión e convocatorias.*

O procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e, se for o caso, con rateo.

Iniciarase, para cada tipo de axuda, de oficio mediante convocatoria publicada no «Boletín Oficial del Estado» co contido necesario que exige o artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### *Artigo 22. Requisitos para obter a condición de beneficiario.*

1. Ademais de reunir os requisitos específicos que se detallan nas bases reguladoras correspondentes para cada unha das liñas de axudas previstas no artigo 20, son requisitos xerais para obter a condición de beneficiario, xunto cos establecidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os seguintes:

a) Estar inscrito no Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, de acordo co establecido no capítulo IV deste real decreto. As empresas non españolas nacionais de Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo rexeranse polo disposto no artigo 11.3. Exceptúase deste requisito a todos os solicitantes de axudas para a creación de guións, para proxectos culturais e de formación non regrada ben como para a organización de festivais e certames.

b) Non ter sido sancionado coa perda da posibilidade de obter subvencións polo incumprimento da normativa en materia de igualdade entre mulleres e homes de acordo co previsto no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións no orde social, en virtude da reforma realizada pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

c) Cumprir o requisito de residencia ou establecemento en España, de acordo co artigo 2, no momento da percepción efectiva das axudas.

2. Para o acceso ás axudas á produción, as empresas produtoras solicitantes deberán, ademais:

a) Ser titulares dos dereitos de propiedade das obras, de acordo co establecido no artigo 24.2 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, e manter esta titularidade durante un período mínimo de tres anos.

b) Estar ao día no pagamento das obrigas contraídas co persoal creativo, técnico e industrias técnicas, segundo dispón o artigo 24.3 da citada lei, presentando declaración en documento público sobre estes puntos, que poderán ser comprobados pola Administración ao seu requirimento.

c) Non comercializar ou non ter comercializado a película en soporte videográfico con anterioridade ao transcurso de tres meses desde a súa estrea comercial en salas de exhibición. Quedarán exoneradas deste requisito as películas que no seu primeiro mes de exhibición comercial obtivesen unha recadación inferior a 60.000 euros.

3. Para poderen percibir o importe total das axudas á produción, as películas que non sexan realizadas en coprodución con empresas estranxeiras deberán cumprir os requisitos previstos no artigo 24.1 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema. En caso de non cumpriren algún destes requisitos, as axudas que a empresa produtora pode obter serán minoradas nun 10 por 100 por cada un deles.

4. Nas películas realizadas en réxime de coprodución con empresas estranxeiras, as empresas produtoras poderán acceder ás axudas nos termos previstos no artigo 34.

5. Para poderen acceder ás axudas para a amortización de longametraxes, as empresas produtoras non independentes deberán ter coproducido con independentes a totalidade das longametraxes que levasen a cabo durante o período correspondente a cada convocatoria. A participación dunha ou varias empresas produtoras non independentes na coprodución non poderá exceder o 60 por cento do seu custo.

#### Artigo 23. *Efectos do recoñecemento do custo dunha película.*

O recoñecemento do custo dunha película, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, éo para efectos de cómputo das axudas. O cálculo da base da dedución por investimentos en producións cinematográficas previstas no artigo 38 do Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, realizarase conforme a normativa reguladora dese imposto.

#### Artigo 24. *Obrigas xerais dos beneficiarios.*

Ademais das obrigas específicas que se concreten nas bases reguladoras para cada tipo de axuda, e de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, todos os beneficiarios quedarán obrigados con carácter xeral a:

1. Acreditar a realización da actividade, así como presentar os documentos que lles sexan requiridos polo ICAA para xustificar a aplicación dos fondos recibidos, en especial a documentación acreditativa do custo de produción ou do investimento realizado na actividade obxecto da axuda. Para estes efectos, considerarase investimento do produtor nunha película a cantidade achegada por este con recursos propios ou con recursos alleos de carácter reintegrable ou en concepto de cesión dos dereitos de explotación da película.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos previstos nas bases reguladoras. Consideraranse custos da actividade aqueles que respondan á natureza dela e se realicen no prazo establecido pola ditas bases. Salvo que nelas se dispoña outra cousa, considerarase gasto realizado o que fose efectivamente

pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas ditas bases para cada axuda.

2. Pór á disposición do ICAA e, se for o caso, para efectos do control financeiro que corresponda á Intervención Xeral do Estado e ao Tribunal de Contas, os libros contables, rexistros e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación aplicable, ben como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en canto poidan ser obxecto desas actuacións.

3. Comunicar ao ICAA a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades subvencionadas tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos.

4. Difundir a colaboración do Goberno de España/Ministerio de Cultura/ICAA na realización da actividade obxecto da axuda.

#### Artigo 25. *Transmisibilidade das subvencións.*

As subvencións son intransmisibles para todos os efectos.

#### Artigo 26. *Reintegro e graduación de incumprimentos.*

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos supostos e conforme o procedemento establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No suposto de incumprimento parcial, a fixación da cantidade que deba ser reintegrada determinarase en aplicación do principio de proporcionalidade e tendo en conta o feito de que o citado incumprimento se aproxime significativamente ao cumprimento total e os beneficiarios acrediten unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos.

#### Artigo 27. *Agrupacións de interese económico.*

1. As agrupacións de interese económico cuxo obxecto social, segundo a súa inscrición no Rexistro Mercantil, sexa a realización de actividades de produción, distribución, exhibición cinematográfica ou industrias técnicas conexas poderán optar ás axudas que lles poidan corresponder en función da actividade que desenvolvan en igualdade de condicións ao resto das empresas que leven a cabo esa actividade.

2. Igualmente, consideraranse produtoras dunha película aquelas empresas ou agrupacións de interese económico que se incorporen como coprodutoras a ela, en todo caso con anterioridade á finalización dos procesos de produción. Poderán optar ás axudas para a amortización de longametraxes, considerándose como custo os gastos efectuados tanto polas agrupacións de interese económico como polas empresas produtoras orixinais.

3. O recoñecemento do custo dunha película terá os efectos establecidos no artigo 23.

### CAPÍTULO VII

#### **Normas para a realización de películas cinematográficas en coprodución con empresas estranxeiras**

#### Artigo 28. *Réxime xeral.*

As películas cinematográficas que se realicen en réxime de coprodución con empresas estranxeiras rexeranse polos correspondentes convenios internacionais de ámbito multilateral ou bilateral e, na súa falta, polo establecido neste capítulo; terán a consideración de películas españolas despois da aprobación do proxecto de coprodución polo ICAA ou pola comunidade autónoma competente, e poderán ter acceso ás axudas establecidas para as películas españolas de maneira proporcional á participación do coprodutor español ou con domicilio ou establecemento permanente en España nos termos do artigo 2.

Artigo 29. *Requisitos para a aprobación do proxecto de coprodución.*

Para a aprobación dos proxectos de coprodución, as películas obxecto deles deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Que sexan consideradas nacionais nos países coprodutores e poidan beneficiarse con pleno dereito das vantaxes concedidas ás películas de cada país polas súas respectivas lexislacións.

b) Que sexan realizadas por persoal creativo, segundo a definición do artigo 4 j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, persoal técnico e empresas de servizos que posúan a nacionalidade dalgún dos países a que pertencen os coprodutores. Por causas debidamente xustificadas o ICAA, ou o órgano competente da comunidade autónoma, poderá admitir excepcións a esta regra, autorizando que un 10 por cento do persoal creativo sexa de nacionalidade non comunitaria ou non pertencente aos países coprodutores.

c) Que a proporción en que participen os países oscile entre o 20 e o 80 por 100 do orzamento da película. No caso das coproducións multipartitas, a participación menor non poderá ser inferior ao 10 por cento e a maior non poderá exceder o 70 por cento dese orzamento.

Artigo 30. *Achegas.*

1. Con carácter xeral, a achega de cada coprodutor implicará necesariamente unha participación efectiva de carácter creativo, técnico e de servizos. Esta achega e a rodaxe en exteriores ou interiores deberán ser proporcionais á súa participación económica na realización da película.

Excepcionalmente, sempre que se trate de películas cunha participación española superior ao 50 por cento, o coprodutor español ou con domicilio ou establecemento permanente en España nos termos do artigo 2, poderá efectuar, ademais, achegas en diñeiro cuxo importe non poderá ser superior ao 50 por cento da cuantificación económica das mencionadas achegas creativas, técnicas e de servizos.

2. Cada coprodutor deberá facerse cargo, como norma xeral, dos gastos correspondentes ao persoal creativo, técnico e de servizos da súa propia nacionalidade e non se recoñecerán como achegas da parte española as partidas e conceptos que no proxecto figuren a cargo doutro país coprodutor.

Para efectos das axudas públicas que poida xerar no seu día a película, excepcionalmente poderá integrar o custo asumido polo coprodutor español, ou con domicilio ou establecemento permanente en España nos termos do artigo 2, a participación de persoal creativo, técnico e de servizos pertencentes a países da Unión Europea que non formen parte da coprodución, precedendo autorización do ICAA ou da comunidade autónoma competente. En ningún caso se recoñecerá como parte do custo español os gastos derivados de persoal pertencente a países extracomunitarios.

3. A achega do coprodutor español minoritario deberá comportar, cando menos, a participación dun autor, entendendo por tal o director, o guionista, o director de fotografía e o compositor da música; dous actores e un creativo de carácter técnico.

4. Os traballos de rodaxe e de posprodución deberán ser realizados respectando as disposicións seguintes:

a) As rodaxes deben ter lugar preferentemente no país do coprodutor maioritario, salvo que o contido do guión exixa que se rode noutro lugar.

b) Os traballos de posprodución serán efectuados preferentemente nos estudos e laboratorios do país maioritario. En caso de que o coprodutor maioritario sexa nacional dun Estado da Unión Europea, poderán ser efectuados en calquera dos países membros desta.

c) A tiraxe das copias ou a elaboración de calquera soporte susceptible de reprodución poderase efectuar en calquera dos países coprodutores. En caso de que un ou varios dos coprodutores sexan nacionais de países membros da Unión Europea, estes traballos poderanse realizar en calquera dos Estados membros.

## Artigo 31. *Coproducións financeiras.*

1. Como excepción ao disposto no artigo anterior, poden ser aprobados como proxectos de coprodución aqueles en que existan unha ou varias participacións limitadas a unha achega financeira e que reúnan simultaneamente as condicións seguintes:

- a) Que o proxecto estea en condicións de obter a aprobación do país cuxo coprodutor sexa maioritario.
- b) Que cada unha das participacións minoritarias limitadas ao ámbito financeiro non sexa inferior ao 10 por cento nin superior ao 25 por cento do orzamento do proxecto.
- c) Que contribúa a favorecer a diversidade cultural dos países coprodutores.

2. No caso de coproducións bipartitas, procurarase que no conxunto de proxectos destas características que sexan aprobados se observe unha alternancia entre a participación maioritaria e minoritaria dos países coprodutores. Igualmente, procurarase que as súas achegas financeiras no conxunto deses proxectos resulten globalmente equilibradas.

## Artigo 32. *Documentación.*

A aprobación do proxecto de coprodución deberá ser solicitado antes do inicio da rodaxe da película pola empresa produtora ao ICAA ou, cando proceda, ao órgano da comunidade autónoma competente, xuntando, en todo caso, a seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo da cesión do autor ou autores do guión ou, se for o caso, da opción ou cesión da obra preexistente, e certificación acreditativa da inscrición do guión no Rexistro da Propiedade Intelectual.
- b) Guión da película e plan de rodaxe.
- c) Orzamento económico do proxecto, segundo modelo oficial, indicando as partidas e conceptos que corresponden a cada país participante na coprodución.
- d) Relación nominal do persoal creativo, segundo a definición do artigo 4 j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, ben como do persoal técnico e de servizos, con expresión da súa nacionalidade.
- e) Contrato de coprodución en que se especificarán os pactos das partes relativos aos diferentes extremos que se regulan neste real decreto, con indicación precisa da participación de cada coprodutor, as achegas de persoal creativo, técnico e de servizos, as transferencias en diñeiro de cada coprodutor e a repartición de mercados e beneficios. Cando o contrato de coprodución estea redactado en lingua distinta do castelán ou dalgunha das cooficiais nas comunidades autónomas, presentarase, ademais, unha tradución para o castelán.

## Artigo 33. *Resolución.*

A Dirección Xeral do ICAA, ou o órgano que corresponda da comunidade autónoma competente, resolverá sobre a aprobación do proxecto de coprodución. A resolución aprobatoria levará implícita a concesión provisoria da nacionalidade española da película para efectos da eventual solicitude das medidas de fomento que poidan ser de aplicación.

O recoñecemento definitivo da nacionalidade española outorgarase cando a película se presente a cualificación, sempre e cando se adecue ao proxecto aprobado no seu día, debendo figurar nos títulos de crédito que se trata dunha coprodución co nome das empresas coprodutoras e dos países participantes.

## Artigo 34. *Axudas públicas.*

1. As axudas económicas que, se for o caso, a lexislación vixente conceda ao coprodutor español ou con domicilio ou establecemento permanente en España nos termos do artigo 2, e os consecuentes dereitos e obrigas, seranlle atribuídas ao dito coprodutor exclusivamente, non admitíndose pacto en contrario.

2. O custo da participación española nunha película será o que sirva de base para o computo das axudas á produción que esta poida xerar despois de acreditación e recoñecemento do custo, de acordo co artigo 13 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

No caso de ter realizado transferencias en diñeiro a outro país para a realización da película, previstas no artigo 30.1, deberase xustificar mediante a documentación acreditativa da transferencia bancaria efectuada a favor da empresa coprodutora estranxeira, a recepción pola súa parte e unha certificación desta que abrangue os conceptos en que foi aplicada. En ningún caso se poderá aplicar esta achega en diñeiro a pagamentos de persoal de nacionalidade do país coprodutor.

Os cobramentos e pagamentos entre residentes e non-residentes que sexan consecuencia da coprodución de películas rexeranse pola lexislación sobre transaccións económicas no exterior.

3. Para que unha empresa coprodutora española, ou con domicilio ou establecemento permanente en España nos termos do artigo 2, con participación minoritaria poida participar nunha convocatoria de axuda complementaria á amortización establecida no artigo 26.2 b) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, será necesario que dentro dos tres anos anteriores á data de feche desa convocatoria participase de forma maioritaria na realización de dúas longametraxes en réxime de coprodución nas cales a participación española sexa, como mínimo, igualitaria ou na dunha película de longametraxe totalmente española.

4. Nas coproducións financeiras por parte española, as empresas produtoras poderán optar unicamente á axuda xeral á amortización, establecida no artigo 26.2 a) da citada lei.

## CAPÍTULO VIII

### Órganos colexiados

#### Artigo 35. *Comisión de Cualificación de Películas Cinematográficas.*

1. A Comisión de Cualificación de Películas Cinematográficas é o órgano colexiado dependente do ICAA encargado de emitir informes sobre a cualificación por grupos de idade das películas destinadas á súa exhibición en salas cinematográficas e das demais obras audiovisuais, de acordo co establecido no artigo 5.

2. A súa composición será a seguinte:

- a) Presidencia: titular da Dirección Xeral do ICAA.
- b) Vicepresidencia: titular dunha das subdireccións xerais do ICAA, por designación da Presidencia.
- c) Vogais: un mínimo de sete e un máximo de dez nomeados pola Presidencia entre persoas que, pertencentes a distintos grupos sociais que reflectan a pluralidade da sociedade española, estean vinculados ao ámbito cinematográfico e audiovisual, ao de consumidores e usuarios, cuxa designación será por proposta do Consello de Consumidores e Usuarios, ao pedagóxico, á defensa do menor, á igualdade de xénero, á atención á discapacidade así como á defensa do ambiente, e reúnan as debidas condicións de aptitude e idoneidade para esta función.
- d) Secretaría: a persoa designada pola Presidencia de entre o persoal do ICAA.

#### Artigo 36. *Comité de axudas á produción cinematográfica.*

1. Coa finalidade de asesorar a Dirección Xeral do ICAA na concesión das axudas á produción cinematográfica previstas na Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, e sen prexuízo dos órganos colexiados de valoración específicos que, para o resto das axudas, se establezan nas correspondentes bases reguladoras, o Comité de Axudas á Produción Cinematográfica é o órgano colexiado dependente do ICAA a que corresponde a emisión de informes sobre os seguintes asuntos:



- a) Solicitudes de axudas para a produción de longametraxes sobre proxecto establecidas no artigo 25 da citada lei.
- b) Solicitudes de axudas para o desenvolvemento de proxectos de longametraxes que establece o artigo 22.2 da citada lei.
- c) Solicitudes de axudas para a produción de curtametraxes que establece a lei no seu artigo 27.
- d) Informar, se for o caso, sobre a aprobación de coproducións entre empresas españolas e estranxeiras.

2. O Comité terá a seguinte composición:

- a) Presidencia: titular da Dirección Xeral do ICAA.
- b) Vicepresidencia: titular dunha das subdireccións xerais do ICAA, por designación da Presidencia.
- c) Vogais:

Un mínimo de doce e un máximo de quince membros, que serán nomeados pola Presidencia entre profesionais do ámbito da cinematografía e o audiovisual que reúnan as debidas condicións de aptitude e idoneidade para o desempeño das funcións do Comité.

Cinco representantes das comunidades autónomas nomeados pola Presidencia por proposta da Conferencia Sectorial de Cultura.

- d) Secretaría: a persoa designada pola Presidencia de entre o persoal do ICAA.

3. A Presidencia do Comité poderá someter ao seu informe, ademais dos asuntos sinalados no número 1, calquera outro relacionado coas axudas á cinematografía, ben como solicitar a asistencia de expertos alleos a el cuxa presenza se coide necesaria por razón dos asuntos que se vaian tratar ou dos sectores afectados.

#### Artigo 37. *Normas xerais.*

1. Os órganos colexiados previstos nos artigos anteriores rexeranse polo previsto nos capítulos II e III do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A súa composición obedecerá ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes de acordo co establecido no artigo 54 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. O titular da Presidencia, cuxo voto será dirimente en caso de empate para efectos da adopción de acordos, poderá distribuír tarefas entre os vogais ou crear os grupos de traballo que considere necesarios para o mellor desenvolvemento das funcións dos órganos colexiados, determinando a súa composición e funcións. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o titular da Presidencia será substituído polo titular da Vicepresidencia.

3. Ningún vogal poderá permanecer no cargo por un período superior a dous anos consecutivos.

### CAPÍTULO IX

#### **Verificación, control e réxime sancionador**

#### Artigo 38. *Verificación e control.*

1. A verificación e o control respecto do cumprimento das obrigas que se establecen na Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, ben como as desenvolvidas neste real decreto relativas á cualificación das películas e á súa publicidade, inscrición no Rexistro de empresas e normas para as salas de exhibición, corresponden ao ICAA no ámbito da súa competencia.

2. As persoas físicas e xurídicas obrigadas ao cumprimento da citada normativa deberán facilitar as tarefas de verificación e control necesarias que leve a cabo o ICAA, presentando a documentación que, conforme ela, se lles requira, ben como facilitando o acceso a esa información tanto impresa como, se for o caso, a través do equipamento informático de que dispoñan.

3. No caso de que a verificación e o control se realicen mediante visitas ao domicilio social e/ou locais das persoas sinaladas no número anterior durante o seu horario de funcionamento, deberán estar en condicións de facilitar a documentación e información indicadas. Esta actividade será levada a cabo por persoal funcionario do ICAA debidamente acreditado ao cal se lle recoñeza condición de autoridade, que elaborará a correspondente acta após a práctica da súa actuación. Unha das copias da acta entregaráselle ao interesado ou persoa ante quen se actúe, que poderá facer constar a súa conformidade ou a súa desconformidade respecto do contido. Outro exemplar da acta será remitido ao órgano competente para a iniciación, se for o caso, do correspondente procedemento sancionador. Estas actas gozarán, salvo proba en contrario, de presunción de veracidade canto aos feitos contidos nelas.

#### Artigo 39. *Procedemento.*

1. O procedemento sancionador axustarase, no que sexa competencia dos órganos da Administración xeral do Estado, ao establecido no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e ao Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

2. O procedemento sancionador iniciarase de oficio como consecuencia das actuacións de comprobación efectuadas polo órgano correspondente, ben como das previstas no artigo 11 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

3. Será competente para ordenar a iniciación do procedemento o director xeral do ICAA e para a instrución a Secretaría Xeral. A resolución dos procedementos sancionadores por infraccións moi graves corresponde ao ministro de Cultura como presidente do ICAA e a dos procedementos correspondentes a infraccións graves e leves ao seu director xeral.

4. No caso de procedementos por infraccións en materia de subvencións, as sancións serán acordadas e impostas polo ministro de Cultura ou, se for o caso, polo ministro de Economía e Facenda, de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. O prazo total para resolver e notificar o procedemento sancionador será de cinco meses contados desde a adopción do acordo de iniciación. Nos supostos en que o procedemento se paralizase por causa imputable ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

#### Disposición adicional primeira. *Fomento da protección e defensa da propiedade intelectual.*

Co fin de contribuír á prevención das actividades vulneradoras dos dereitos de propiedade intelectual que sinala o artigo 19.1 h) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, e dentro do marco das medidas de fomento establecidas no artigo 33 desa lei, o ICAA subscribirá convenios con bancos e entidades de crédito cuxa finalidade específica sexa facilitar ás empresas o financiamento que permita o desenvolvemento de infraestruturas necesarias para a creación de portais web de descargas e/ou visionamentos legais de contidos cinematográficos e doutras obras audiovisuais.

#### Disposición adicional segunda. *Acceso das entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual aos informes de exhibición de películas.*

As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual sobre obras audiovisuais que obtivesen a autorización prevista no artigo 147 do Real decreto lexislativo 1/1996, do

12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, terán acceso aos informes de exhibición a que se refire o artigo 13.2 deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Adaptación de prazos para as axudas á amortización.*

Na primeira convocatoria das axudas para a amortización que se realice ao abeiro das novas bases reguladoras das axudas a que se refire este real decreto incluíranse aquelas películas que fosen estreadas comercialmente en España a partir do 30 de decembro de 2007.

Disposición adicional cuarta. *Cumprimento das previsións estatutarias.*

Con carácter previo á concesión das axudas previstas na sección 2ª do capítulo VI realizaranse as actuacións que, se for o caso, establezan os estatutos de autonomía das respectivas comunidades autónomas para aquelas axudas destinadas ao seu ámbito xeográfico.

Disposición adicional quinta. *Investimento dos operadores de televisión.*

Por acordo entre un ou varios operadores de televisión de ámbito estatal e unha ou varias asociacións que agrupen a maioría dos produtores cinematográficos, poderá pactarse a forma de aplicación da porcentaxe do 5 por cento de investimento obrigatorio dos operadores de televisión prevista na disposición adicional segunda da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual, respectando as proporcións establecidas nela.

O réxime establecido nese acordo rexerá respecto das relacións que se establezan entre o operador ou operadores asinantes e todos os produtores que actúen no ámbito de aplicación daquel, sen que se poida limitar o seu cumprimento aos produtores membros da asociación ou asociacións que o subscribisen.

Previamente á sinatura do acordo, as partes solicitarán á Comisión Interministerial de seguimento creada polo artigo 10 do Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficos e películas para televisión, europeas e españolas, informe sobre a conformidade daquel co establecido nesta disposición adicional.

Disposición transitoria primeira. *Salas de exhibición non informatizadas.*

En canto non se produza a adaptación necesaria, os titulares das salas de exhibición que non dispoñan dos programas informáticos previstos no artigo 13.3 desta norma deberán cumprir as obrigas que lle resulten de aplicación sobre control de asistencia e declaración de rendementos previstas nos artigos 13.1, 13.2, 15 coa excepción das súas alíneas f) e g), e 16, de acordo coas especificacións establecidas mediante orde do Ministerio de Cultura.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia temporal de determinadas normas.*

Manterán a súa vixencia as seguintes disposicións, de acordo co que se expresa para cada unha:

a) Os puntos décimo cuarto e décimo quinto da Orde do 7 de xullo de 1997 pola que se ditan normas de aplicación do Real decreto 81/1997, do 24 de xaneiro, nas materias de cotas de pantalla e distribución de películas, salas de exhibición, rexistro de empresas e cualificación de obras cinematográficas e audiovisuais, en canto non se produza a modificación do artigo 38 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, mediante o que se crea a taxa por exame e expedición de certificados de cualificación de películas cinematográficas e demais obras audiovisuais.

b) Os artigos 5, 8, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 17 e 18 do Real decreto 526/2002, do 14 de xuño, polo que se regulan medidas de fomento e promoción da cinematografía e a

realización de películas en coprodución, en canto non se aprobe a orde ministerial pola que se establezan as bases reguladoras das axudas establecidas no presente real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. No momento da entrada en vigor do presente real decreto quedarán derogadas as seguintes normas ou partes delas que se mantíñan vixentes:

a) O Real decreto 2332/1983, do 1 de setembro, sobre venda, distribución e exhibición pública de material audiovisual.

b) O Real decreto 81/1997, do 24 de xaneiro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 17/1994, do 8 de xuño, de protección e fomento da cinematografía e se actualizan e refunden normas relativas á realización de películas en coprodución, salas de exhibición e cualificación de películas cinematográficas.

c) O Real decreto 526/2002, do 14 de xuño, polo que se regulan medidas de fomento e promoción da cinematografía e a realización de películas en coprodución.

d) A Orde do 7 de xullo de 1997 pola que se ditan normas de aplicación do Real decreto 81/1997, do 24 de xaneiro, nas materias de cotas de pantalla e distribución de películas, salas de exhibición, rexistro de empresas e cualificación de obras cinematográficas e audiovisuais, excepto o punto quinto número 3 relativo á composición do Rexistro de empresas; o punto sexto número 3 a) e o punto noveno número 2, relativos ás salas de exhibición non informatizadas.

2. Quedarán igualmente derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro dos seguintes títulos competenciais: os artigos 1 a 4, o artigo 6 e o artigo 8 ao abeiro do artigo 149.2 da Constitución; o artigo 5 ao abeiro do artigo 149.1.1ª; o artigo 7, os artigos 9 a 34, os artigos 38 e 39, as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e quinta e as disposicións transitorias primeira e segunda, ao abeiro do artigo 149.1.13ª e os artigos 35 a 37 ao abeiro do artigo 149.1.18ª.

Terán carácter básico os seguintes artigos ou números: o número 3 do artigo 9 e os artigos 28 a 33 que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.13ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e habilitación normativa.*

1. Autorízase o ministro de Cultura para que, mediante orde ministerial, estableza as bases reguladoras das axudas a que fai referencia o capítulo VI, así como para ditar as disposicións necesarias para a súa aplicación.

2. Cando razóns técnicas ou de oportunidade así o aconsellen, o ministro de Cultura, oídas as comunidades autónomas, poderá modificar as cualificacións das películas por grupos de idades a que se refire o artigo 5.

3. Facúltase o ministro de Cultura para actualizar mediante orde ministerial a contía da recadación a que se refire o artigo 22.2 c).

Disposición derradeira terceira. *Sección de obras e gravacións audiovisuais do Rexistro de bens mobles.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, o Goberno, por proposta do ministro de Xustiza, desenvolverá regulamentariamente a previsión establecida na disposición derradeira primeira da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, relativa á creación dunha sección de obras e gravacións audiovisuais do Rexistro de bens mobles.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Cultura,  
CÉSAR ANTONIO MOLINA SÁNCHEZ